

RESOLUCIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DO 2021, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2021/12, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DO PROCESO SELECTIVO.

En sesión que tivo lugar o 15 de novembro do 2021, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo REF.PER.-2021/12, para a selección e posterior contratación dun/ha Mestre/a Carniceiro/a mediante contrato laboral temporal por interinidade, polo procedemento de concurso-oposición, para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo de conformidade co disposto no artigo 7.2.2. das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2021/12.


Segundo.- Facer pública a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, que figuran no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 7.2.2. das bases da convocatoria que rexen o proceso selectivo, os/as candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para presentar as pertinentes reclamacións perante a Comisión de Selección, preferentemente na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres.

Cuarto.- A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da correspondente lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo.

San Cibrao das Viñas, 15 de novembro do 2021.

A presidenta da Comisión de Selección



María Belén González González

ANEXO I

APELIDOS	NOME	Puntuacións proba escrita	Puntuacións proba práctica	Puntuacións valoración de méritos	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZÁLEZ PEAGUDA	ADRIANA	3,80	4,80	6,75	15,35